

Robotización e tráfico libre



Adela Fernández, Diego Pérez e José Fernando Pérez, socios de Ganadería Bernaldón

Ganadería Bernaldón mellora a súa produción e o benestar animal cun Lely Astronaut A5

A automatización do muxido supuxo un punto de inflexión para Ganadería Bernaldón. Desde a instalación dun Lely Astronaut A5 hai preto dun ano e medio, esta granxa familiar de Serantes, en Tapia de Casariego (Asturias), logrou mellorar o benestar das súas vacas, incrementar a produción e avanzar cara a un modelo de traballo máis eficiente e rendible.

Diego Pérez ocúpase das tarefas diarias da gandería coa axuda dos seus pais. Habitualmente moxe uns 65 exemplares e conta, ademais, con 14 vacas secas. A recría, da que tamén se encargan eles mesmos, está aloxada noutra granxa próxima, situada en Barres, Castropol.

En Ganadería Bernaldón levan arredor dun ano e medio muxindo cun Lely Astronaut A5. Segundo explican, “a adaptación do gando foi abondo mellor do que pensabamos”. Unha vez instalado o equipo e antes de comezar a utilizalo, os animais xa podían pasar polo Astronaut. Posteriormente, empezaron a subministrarlles penso no robot durante uns 12 días e, a continuación, iniciaron o muxido automatizado: “Desde o primeiro día apagamos a sala e non volvemos usala”, asevera o gandeiro.

Coincidindo co proceso de automatización, tamén decidiron actualizar e modernizar as instalacións. Retiraron as colchonetas e incorporaron camas de carbonato e serraduras, elaboradas cunha mestura ao 50 % de cada material.

Así mesmo, substituíron os antigos cubículos de ferro por outros flexibles e adquiriron ventiladores de helicóptero e nebulizadores. “Con estes cambios tentamos que as vacas estean máis cómodas, evitar accidentes e, deste xeito, mellorar a produción”, relata Pérez.

Ganadería Bernaldón é socia de Central Lechera Asturiana, empresa á que vende o seu leite. Por outra parte, mércalle o penso a Asturiana de Servicios Agropecuarios (ASA), que, á súa vez, se

encarga de prepararlles o carro e descargarlles a mestura.

NA PROCURA DUNHA MAIOR EFICIENCIA CO A5

Diego Pérez conta que levaban bastante tempo valorando a posibilidade de incorporar un robot de muxidura. Finalmente, decidiron dar o paso: “Xa había anos que nos gustaba, porque pensabamos que nos permitiría



mellorar a produción e mesmo dispoñer de máis tempo para nós”, sinala.

Decantáronse por Lely porque “era o que máis nos convencía e o que considerabamos que nos ía ofrecer un mellor servizo técnico, ademais de parecermos a opción máis fiable. Non barallamos outras alternativas”. En relación con esa fiabilidade, o gandeiro salienta que o Astronaut apenas rexistra fallos: “Como moito, un ou dous ao día”.

Tras a instalación do robot, comprobaron que a produción ía aumentando co paso do tempo. A súa media sitúase arredor dos 45 kg por cabeza e día, con entre 3 e 3,1 muxiduras diarias.

Neste sentido, Pérez concede unha grande importancia á información que proporciona o Astronaut: “Cando os gandeiros que están indecisos veñen á nosa granxa, ademais de ensinalarlles o A5, amósolles as cifras no ordenador para que comprobén que os datos que lles damos son certos. Así poden ver por si mesmos os litros, os muxidos e o resto dos índices”, apunta.

COLOCACIÓN DO ROBOT, LIMPEZA DOS ANIMAIS E RUTINA DIARIA

En canto á localización do A5 dentro da nave, decidiron instalalo na terceira liña de cubículos, nunha posición central que, ao seu xuízo, facilita o acceso do rabaño ao Astronaut. Tamén deseñaron un corredor de cruzamento de algo máis de sete metros de ancho para favorecer a circulación das vacas, xa que os patios non eran especialmente amplos e querían que os animais puidesen chegar ao robot con maior facilidade.

A instalación complétase con dúas áreas de separación destinadas a vacas acabadas de parir, aos animais que requiren unha atención especial e a reses en celo ou próximas ao secado.

Outro dos aspectos sobresaíntes desta gandería é a limpeza dos seus exemplares.



Tamén contan co arrimador de comida Lely Juno



Os cambios introducidos na nave, xunto coa incorporación do cepillo Lely Luna, permitiron que os exemplares se manteñan moi limpos, o que contribúe a mellorar o seu benestar.

Alberto Sánchez, responsable de vendas e mercadotecnia en Lely Center Los Corrales, puntualiza que “as vacas están flamantes; é unha das ganderías nas que as vexo máis limpas”. Así mesmo, subliña que, aínda que a granxa conta con corredores estreitos, esta circunstancia compénsase cuns cubículos excelentes e cunha boa dispoñibilidade de espazo.

Como resultado, os animais móstranse moi tranquilos, un factor que considera fundamental para amortizar o investimento realizado no muxido automatizado: “Gañan as vacas, gaña o gandeiro e somos máis sostibles”, afirma Sánchez.

Pérez indica que unicamente adoitan ter dous ou tres atrasos de reses que non acoden por si soas a muxirse, cuxa xestión realizan entre el e o seu pai pola mañá e pola tarde. Esta tarefa ocúpalles menos dunha hora ao día.

O Astronaut da granxa leva a cabo tres lavados diarios, cada un dos cales dura aproximadamente entre 12 e 13 minutos. Malia isto, a máquina aínda dispón de tempo libre.

Para que o robot funcione correctamente en combinación co sistema de tráfico libre, o gandeiro recomenda “que

este ben colocado, nun lugar accesible e con espazo diante, para que exista unha boa circulación dos animais”. Tamén considera importante contar cun bo nutrólogo que prepare de xeito axeitado a ración e seleccione un penso para o Astronaut que lles resulte apetecible ás vacas.

A gandería é, ao fin e ao cabo, un negocio e debe ser viable. Diego Pérez conclúe que para eles é fundamental que os datos rexistrados sexan positivos, xa que un maior número de muxidos e unha maior produción de leite indican que as vacas están mellor e que a empresa é máis rendible. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales	+34 606 022 405
Lely Center Outeiro	+34 671 646 745
Lely Center Aizoain	+34 676 182 349
Lely Center Trazo	+34 685 117 350
Lely Center Vila Nova	+351 227 538 339

